

O SERVICIO DE EMPREGO DA UNIVERSIDADE TÉCNICA EN RUSIA

NATALIA BAZADZE / EKATERINA BESSARABOVA
Universidade Técnica de Enxeñeiros de Aviación de Moscú

Recibido: 19 Abril 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

Non só a aparición das bolsas, bancos, compañías de seguros, etc. reflicte as novas tendencias da economía rusa, tamén o fan as típicas empresas da antiga URSS que agora se transforman en consorcios, corporacións e outras asociacións como consecuencia da confluencia do capital financeiro e do capital industrial. O crecemento das pequenas empresas é un sinal máis dos importantes cambios no momento de transición ó mercado libre que sucede en Rusia.

Nestas circunstancias, por un lado, xorden certas profesións novas para Rusia e, por outro, quedan as profesións tradicionais, pero con novos axustes das obrigas do cargo debidas ós cambios económicos. Entre os especialistas que se atopan na máxima demanda están os contables, os xefes de contabilidade, os directores financeiros e outros empregados bancarios e da esfera financeira; os secretarios, relatores, xuristas e xerentes ou "managers". Hai moitos prazos para eles nas organizacións comerciais, nas empresas de servizo e nos bancos. Pero, por outro lado, existe un alto nivel de paro para os enxeñeiros como consecuencia da crise económica e da caída do volume de produción nas empresas industriais e da construción.

Tradicionalmente na antiga URSS e agora en Rusia nótase o desequilibrio na formación de especialistas coa carreira superior. Pois, entre eles un 37,7% son enxeñeiros, só un 14,2% son licenciados en economía e os restantes pertencen a outras carreiras. Pola contra, entre os licenciados da Comunidade Europea só hai un 10% de enxeñeiros e un 29% de economistas. É evidente que a superproducción de enxeñeiros é a consecuencia da economía centralizada e militarizada, aínda que esta aseguraba os postos de traballo praticamente para tódolos licenciados de enxeñería que estudiaban nos 220 "institutos técnicos" (en realidade son as universidades técnicas dedicadas á formación de enxeñeiros dunha rama determinada, por exemplo a aviación, o ferrocarril, etc.) do gran país. En Rusia, hoxe en día, os licenciados en enxeñería están en cabeza das listas de desempregados.


Para resolve-los problemas de desemprego nos países desenvolvidos existen as institucións de emprego estatais e privadas. En Rusia o servicio de emprego público componse do Comité de Emprego Estatal e os seus centros rexionais, que se chaman as bolsas de traballo e que son as institucións que acumulan a información sobre a dinámica dos recursos laborais e os prazos de traballo e prestan servizio gratuito á poboación en busca de traballo.

A análise da actividade destes centros de emprego testifica que hai necesidade de especifica-lo contido de traballo deles tendo en conta os intereses específicos de certos grupos de poboación. Para iso hai que crear algunas novas oficinas dos centros de emprego achegándoas á demanda e a demanda a un grupo determinado de poboación.

Segundo a estatística, un dos grupos más afectados respecto ó desemprego son os graduados. Sen embargo, o 70% deles non foron satisfeitos cos servicios prestados polos centros de emprego en 1994. De aquí xorde a necesidade de crea-lo servicio de emprego directo nas universidades utilizando ademais a tradición que existía na antiga URSS.

Os servicios deste tipo poden resolver unha ampla serie de problemas e abarcar praticamente tódolos estudiantes, que permitirá cumpri-las esixencias da Lei da Federación Rusa sobre a educación superior e formación do persoal científico-pedagóxico. Segundo esta lei, as universidades teñen que informa-los estudiantes sobre a situación no campo de traballo e contribuír ó recrutamento deles nas empresas e noutras institucións. Ademais, os alumnos das clases de maiores dos colexios públicos e privados poden se-los clientes se necesitan a información sobre as perspectivas de estudos e emprego seguinte, ou antes de comezaren a carreira superior, traballaren previamente na rama elixida. A oficina da Universidade ten que apoiarse nas facultades correspondentes e colaborando con elles realiza-las súas funcións principais: colocación dos graduados, organización da práctica nas empresas para os estudiantes, información profesional, consulta profesional, selección profesional (figura 1).

Figura 1.- Estructura da oficina de emprego



A vantaxe principal da oficina de emprego universitaria dos servicios de emprego correntes consiste en que o patrón (empresario) potencial pode recibir unha información sobre a dinámica do desenvolvemento do estudiante durante todo o período de aprendizaxe (sobre os cambios característicos profesionais e persoais). Ademais existe a posibilidade de enlaza-lo reactivo (feed-back) para mellora-lo proceso de ensinanza porque a información cerca a demanda actual e a perspectiva nos especialistas e esixencias. Ese enlace utilízase para axusta-los planos dos estudios, que se resolve coa introducción de certos curriños, prácticos e teóricos, nos cambios da estructura das materias.

O éxito do funcionamento do servicio de emprego depende do mantemento de información de metodoloxía, de técnica e o de persoal.

O mantemento da información comprende estes datos: sobre os graduados (biográficos, persoais, e profesionais) e sobre a necesidade das empresas concretas en especialistas e as prazas de traballo.

O mantemento da metodoloxía contén os seguintes datos: as esixencias ós especialistas por parte dos xefes, os modelos de especialistas que estean na base dos planos de estudios e os modelos de avaliación segundo as liñas profesionais e persoais.

O mantemento técnico comprende o xogo de formas para presenta-la información sobre os graduados, o xogo de formas para presentar información sobre as necesidades de especialistas e as esixencias cara a eles, o xogo de formas dos contratos e os medios da técnica da organización.

O mantemento do persoal: xefe (manager), especialistas (psicólogo, xurista, marketólogo), persoal técnico (mecanógrafa, correo).

A idea do servicio de emprego na Universidade está realizada na Universidade de Enxeñeiros de Aviación de Moscova (MAI) que é unha das máis grandes universidades técnicas de Rusia.

O principio de enlace retroactivo (feed-back) funciona como se expón de seguido. Para asegura-la protección social dos estudiantes e axudalos a adaptarse rapidamente ás condicións do mercado libre e para subí-lo nivel dos graduados, a facultade de economía non só forma os licenciados da súa carreira senón que tamén ofrece ós estudiantes das facultades de enxeñería técnica recibi-lo diploma de bacharel de xestión (*Bachelor of Management*) realizando os estudios paralelos coa súa formación principal. Realízanse tamén dunha forma experimental os estudios integrados coa idea de introduci-las materias económicas no plano da carreira de enxeñería, por exemplo, Xestión de persoal, *Management* estratéxico, Psicoloxía do *business*, etc. Tendo en conta a demanda crecente dos licenciados de economía co perfil determinado no plano de estudios da Facultade de Economía foron implantadas novas disciplinas como Asuntos de seguridade, Asuntos de bolsa, ademais entre as disciplinas optativas pódese atopar Etiqueta do empresario, Auto-diagnóstico do empresario, etc. As clases de idiomas estranxeiros foron aumentando significativamente coa idea de captar de forma directa as novedades do mundo empresarial internacional.

Para crea-la base metodolóxica do servicio de emprego de MAI foron elaborados os modelos do "manager" e do empresario, que actúan na esfera da alta tecnoloxía, e os modelos da súa valoración e de desenvolvemento das súas cualidades profesionais e persoais; e o esquema conceptual da construción da base de datos sobre os estudiantes e os graduados.

Ademais, foron preparados cinco especialistas que realizan na práctica o servicio de emprego no MAI.

O seguinte paso no desenvolvemento do servicio de emprego desta universidade prevé a creación dos grupos de "empresarios xoves" nos colexios públicos e privados cos cales a MAI ten durante varios anos relacións de padronado e organizaba antes os grupos de "xoves pilotos e cosmonautas" co obxectivo de elixir e formar nas idades máis temprás ós seus futuros estudiantes.